

Expediente n.º: G-3/2020

Procedemento: Constitución de bolsa de emprego para arquitecto/a interino

Asunto: Nomeamento tribunal

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Á vista das bases da convocatoria para selección dun funcionario/a interino/a para a cobertura dunha praza de arquitecto/a no concello de Ponte Caldelas, aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 173/2020 de 21/02/2020, e en cumprimento do establecido nas mesmas,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Designar como compoñentes do Tribunal para a selección dun/ha funcionario/a interino/a para a cobertura dunha praza de Arquitecto/a, as seguintes persoas:

TITULARES:

Presidente:

Sara Fernandez Garrido – Interventora do Concello de Cerdedo-Cotobade.

Vogais:

Jaime David Ruibal de Sola, Técnico de Proxecto, adscrito ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.

Rosa Magdalena Fernández, Arquitecta Municipal do Concello de Pontevedra.

Cristina Chao Polo, Arquitecta Municipal da Xerencia de Urbanismo de Vigo.

Secretaria:

María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria Municipal do Concello de Ponte Caldelas.

SUPLENTES:

Presidente:

Paula Casal Canabal, Avogada-Directora do CIM do Concello de Ponte Caldelas.

Vogais:

Eugenio Marcote Carballo, Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios da Deputación de Pontevedra.

Sergio Curra Moreira, Interventor do Concello de Cangas.


Nuria Lobato del Río, Secretaria Municipal do Concello de Bueu.

Secretaria:

Mónica Valle Cabirta, Técnico Local de Emprego do Concello de Ponte Caldelas.

SEGUNDO. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza do presidente e do secretario, ou de quen, de ser o caso, os substitúan, sendo quórum suficiente a presenza de tres dos seus membros.

TERCEIRO. Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte deste e de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante e, de conformidade co disposto no artigo 13 do RD 364/1995, calquera aspirante poderá recusalos, cando conorra algunha das ditas circunstancias.



CUARTO. Para efectos de comunicación e demais incidencias, o Tribunal terá a súa sede na Casa do Concello do Concello de Ponte Caldelas.

QUINTO. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que estime necesarios, limitándose estes asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SEXTO. Corresponderalle ao Tribunal resolver todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas bases, así como la resolución daquelas cuestións non previstas nelas.

SÉTIMO. Convocar ós membros titulares do tribunal á sesión constitutiva que se realizará de xeito telemático o mércores 2 de setembro ás 10.00 horas.

OITAVO. Esta Resolución publicárase no taboleiro de anuncios, sede electrónica, e páxina Web do Concello de Ponte Caldelas.

Da presente resolución darase traslado aos interesados,

O alcalde,
Andrés Díaz Sobral

